

do 10 de decembro), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Considerando que o devandito centro privado ten autorización definitiva para impartir educación infantil.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Autorizarlle a ampliación dunha unidade de educación infantil ao centro privado Luis Vives de Pontevedra (A Coruña), segundo os datos que se relacionan no anexo desta orde, facendo constar que, para a súa posta en funcionamento, a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia na unidade que se amplía.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia: A Coruña.
Concello: Pontevedra.
Enderezo: avda. Ricardo Sánchez, 29-31.
Denominación: centro privado Luis Vives.
Titular: *Colegio Luis Vives, Sociedad Cooperativa Limitada*.
Código do centro: 15013497.
Nivel: educación infantil.
Unidades de que constaba: 2.
Unidades novas autorizadas: 1.
Composición resultante:
3 unidades de educación infantil.
6 unidades de educación primaria.
4 unidades de educación secundaria obrigatoria.

Orde do 23 de xaneiro de 2006 pola que se autoriza o cambio de denominación do instituto de educación secundaria Os Rosais II de Vigo (Pontevedra).

Tendo en conta o artigo 3 punto 1º do anexo do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, (DOG do 9 de agosto de 1996), así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do centro que no anexo se relaciona.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia: Pontevedra.
Concello: Vigo.
Localidade: Teis.
Código do centro: 36019062.
Denominación: Instituto de Educación Secundaria Os Rosais II.
Nova denominación: Instituto de Educación Secundaria Rosais 2.

Orde do 26 de xaneiro de 2006 pola que se convocan axudas para participar no programa de integración Aulas da Natureza 2006.

As Aulas da Natureza cumpren unha función importante ao facilitárenlles aos alumnos a posibilidade de realizar múltiples actividades de tipo formativo, cultural e deportivo, así como integración formal no medio propiamente escolar, xa que sitúan o neno nun medio diferente ao seu, que o leva a propiciar unha maior convivencia e cooperación cos profesores e compañeiros, ampliando os seus coñecementos e a súa comprensión integral, ao coñecer diferentes lugares, xentes, terras, costumes, historia e recursos.

Así mesmo, permiten a integración, mediante a convivencia, de alumnos de réxime xeral e alumnos con necesidades educativas especiais.

Con base no acordo subscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación y Ciencia, e co fin de permitirlles aos alumnos galegos de 6º de educación primaria e 1º de educación secundaria o contacto directo con outras zonas e culturas de España, esta consellería

DISPÓN:

1. Obxecto do programa.

Esta convocatoria ten por obxecto promover a convivencia e integración dos alumnos participantes con

outros compañeiros de distintas zonas e culturas, ademais da integración de alumnos de réxime xeral e alumnos con necesidades educativas especiais.

2. Requisitos de participación.

Poderán solicitar a súa participación os alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

a) Para os alumnos de réxime xeral: cursar 6º de educación primaria, ou ben, 1º de educación secundaria obrigatoria e ter nacido entre o 1 de xaneiro de 1993 e o 31 de decembro de 1995, polo que as súas idades estarán comprendidas entre os 11 e os 13 anos.

b) Os alumnos con necesidades educativas especiais deberán estar escolarizados en centros ordinarios ou específicos. Así mesmo, deberán posuír un grao de autonomía e condicións persoais que posibiliten a súa adaptación a programas de integración e a súa participación en actividades de grupo, polo que tratándose de minusvalideces psíquicas, o grao de discapacidade será lixeiro ou moderado, este requisito deberao certificar o director do centro docente en que o alumno estea matriculado no curso 2005/2006.

Así mesmo, estes alumnos deberán ter idades comprendidas entre os 11 e 13 anos, aínda que, de forma excepcional, poderán participar alumnos de ata 16 anos, sempre que esta circunstancia sexa aconsellada polo responsable do equipo de orientación específico ou do Departamento de Orientación do centro no correspondente anexo III e se trate de alumnos con necesidades educativas especiais, escolarizados en centros específicos (non ordinarios).

3. Solicitudes.

3.1. Os alumnos que desexen participar deberán solicitálo a través do centro educativo en que estean escolarizados, cubrindo o modelo de instancia que figura como anexo I desta orde.

Na sección de quenda solicitada polos alumnos deberá vir cuberto o recadro que proceda cun X, ou ben por orde de prioridade, segundo sexa o caso 1, 2 ou 3.

3.2. Á solicitude xuntaráse a seguinte documentación:

a) Cuestionario individual do alumno, anexo II.

b) No caso de alumnos con necesidades educativas especiais deberán achegar ademais:

-Informe técnico do equipo de orientación específico ou do Departamento de Orientación do centro, anexo III, no cal se certificará que o alumno cumpre os requisitos establecidos no punto 2 b) desta orde.

-Certificado de minusvalidez ou dictame vixente de escolarización por necesidades específicas.

3.3. O prazo de presentación de solicitudes nos centros será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3.4. Dentro dos dez días naturais seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, os directores dos centros remitiránlles as solicitudes e o resto da documentación ás delegacións provinciais correspondentes, á atención do coordinador/a do programa en cada provincia, e que a continuación se relacionan:

A Coruña: inspectora de Educación, Berta Estrada Arias. Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña. Salvador de Madariaga, s/n (Zona Monelos), 15008 A Coruña.

Lugo: inspectora de Educación, Celsa González García. Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Lugo. Rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo.

Ourense: inspector de Educación, Delfín Caseiro Nogueiras. Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Ourense. Rúa Concello, 13, 32003 Ourense.

Pontevedra: inspectora de Educación, Adoración de la Fuente Fernández. Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra. Avda. de Montero Ríos, 13, 36001 Pontevedra.

4. Procedemento de selección.

4.1. En cada provincia constituirase unha comisión de valoración das solicitudes presentadas que estará presidida polo inspector/a de Educación coordinador do programa e integrada, en calidade de vogais, por:

-Un director dun centro educativo participante.

-Un membro dos equipos de orientación específicos, designado polo/a delegado/a provincial, correspondente.

-Un pai/nai dun alumno/a solicitante.

Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario da delegación provincial.

Valorarase que as solicitudes estean debidamente cubertas e acheguen a máxima información posible. A comisión terá en conta os criterios de selección recollidos no punto 5 desta orde.

4.2. Esta comisión de valoración enviaralle á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa no prazo máximo de 20 días naturais, contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, a seguinte documentación:

a) Relacións, por orde de prioridade, de alumnos de réxime xeral e de alumnos con necesidades educativas especiais, propostos para a súa participación no programa, con indicación da quenda.

b) Relación de alumnos excluídos, que incluírá aqueles que presentasen a solicitude fóra de prazo, así como, os que non cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

4.3. A proposta conxunta será realizada pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, a través dunha comisión constituída para tal fin e baseada nas propostas das comisións provinciais, tendo en conta que o número de alumnos con necesidades educativas especiais non poderá superar o 30% do total, para cada quenda.

5. Criterios de selección.

5.1. Criterios xerais. Para a selección de todos os alumnos teranse en conta os seguintes criterios xerais:

a) Situación de orfandade (dun só proxenitor ou responsable familiar, 5 puntos, ou dos dous proxenitores ou responsables familiares, 10 puntos).

b) Pertenza a familias en que os sustentadores principais se encontren en situación de desemprego ou sexan pensionistas (un só sustentador ou responsable familiar, 5 puntos, ou os dous sustentadores ou responsables familiares, 10 puntos).

c) Pertenza a familias numerosas, ata 10 puntos.

d) Ter a condición de bolseiro de calquera convocatoria de axudas realizada polas administracións educativas, ata 10 puntos.

e) Non ter a condición de beneficiario destas axudas nos últimos dous anos, ata 10 puntos.

f) Outras circunstancias familiares e/ou económicas que dean lugar a situacións de desprotección para os alumnos e que poidan ser valoradas polos órganos de selección correspondentes, ata 10 puntos.

5.2. Criterios específicos: valoraranse as características persoais do alumno derivadas do tipo de escolarización que presenta e fundamentalmente as posibilidades reais de participación no programa de integración. Para valorar estes aspectos terase en conta a información dos anexos II e III.

A valoración será dun máximo de 65 puntos.

6. Desenvolvemento do programa.

6.1. Os alumnos participantes desenvolverán a súas actividades en períodos de doce días no Centro de Programas Educativos de Viérnoles en Torrelavega (Cantabria), de acordo coa seguinte distribución temporal:

1º quenda: do 12 ao 23 de xullo de 2006.

2º quenda: do 23 de xullo ao 3 de agosto de 2006.

3º quenda: do 3 ao 14 de agosto de 2006.

6.2. O lugar de xuntanza de onde sairá o autobús para Viérnoles (Cantabria) e a onde regresará será á estación de autobuses de Lugo.

6.3. O traslado dos alumnos desde o seu domicilio á estación de autobuses de Lugo e o regreso desde a estación ao domicilio familiar, correrá a cargo da familia.

6.4. A estancia e mais o desprazamento dos alumnos seleccionados desde a estación de autobuses de Lugo e o regreso ata esta será gratuito.

6.5. O programa estará coordinado por un responsable titulado e un número de monitores especialmente preparados para este programa, coa atención médica necesaria.

6.6. O Centro de Programas Educativos de Viérnoles é unha instalación fixa, situada nun contorno adecuado para os obxectivos do programa e está correctamente dotada.

7. Proposta de alumnos beneficiarios.

7.1. A proposta dos alumnos beneficiarios das axudas farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia*.

7.2. A Administración educativa enviaralle ao centro a que pertencen os alumnos a relación dos alumnos propostos e a información necesaria para poder participar: quenda, data, lugar e hora de saída, materiais necesarios para participar, etc.

7.3. O prazo máximo para elaborar a proposta das solicitudes será de 3 meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria. As solicitudes consideraranse desestimadas de non publicarse a proposta no prazo sinalado.

8. Reclamacións.

Contra a proposta de alumnos seleccionados pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderase interpoñer reclamación, no prazo máximo de 10 días naturais, segundo o disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar todas as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO II

CUESTIONARIO INDIVIDUAL DO ALUMNO

1.- CUESTIONARIO MÉDICO (PARA CUBRIR POLO PAI/NAI/TITOR, SE É O CASO)

A) ¿Toma algunha medicación? (marque cun "X" a resposta que proceda) SI NON

En caso afirmativo, especifique que medicamento toma, doses diarias e horario: _____

¿É responsable da súa medicación ou necesita algunha persoa que o supervise?: _____

B) ¿Padece algún tipo de alerxia? (marque cun "X" a resposta que proceda) SI NON

En caso afirmativo, indicar cales: _____

C) Relacione as enfermidades de que está vacunado: _____

D) Explique calquera outra circunstancia que poida resultar de interese e/ou que deba ser tida en conta en relación coa asistencia do alumno: _____

2.- BREVE INFORME (PARA CUBRIR POLO CENTRO, PARA TODOS OS ALUMNOS)

1.- Nivel de escolarización: _____

2.- Apoios que recibe dentro e fóra da aula: (gabinetes, logopedia): _____

3.- Socialización:

- Tipo de relación: _____

- Cos demais alumnos: _____

- Cos mestres: _____

- Habilidades sociais: _____

4.- Comportamento:

- Dentro da aula: _____

- Fóra da aula: _____

- Resposta ante determinadas situacións: _____

5.- Características xerais do seu proceso de aprendizaxe: _____

6.- Dificultades que poida presentar a asistencia do alumno ao programa e medidas que hai que tomar: _____

7.- Observacións: _____

_____, ____ de _____ de 200__
Visto e prace, o director do centro
(Sinatura e selo do centro)

O titor

ANEXO III

INFORME TÉCNICO DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO OU DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO CENTRO (PARA CUBRIR UNICAMENTE PARA OS ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS)

1.- TIPO DE ESCOLARIZACIÓN

Nivel _____

Tipo de centro ORDINARIO ESPECÍFICO**2.- DESCRICIÓN DA DISCAPACIDADE**

2.1.-Diagnóstico (se o houberse) _____

2.2.-Tipo de discapacidade que presenta o alumno e breve descrição dela:

- Física: MOTORA ORGÁNICA FUNCIONAL- Psíquica: LIXEIRA MODERADA- Sensorial: AUDITIVA VISUAL

- Trastorno do comportamento e/ou personalidade: _____

- Outras: _____

2.3.-Breve descrição das características persoais de alumnos nas seguintes áreas:

Motricidade: _____

Nivel intelectual e habilidades cognitivas: (indicar, se é o caso, se existe desfase de idade prevista no punto dous da convocatoria): _____

Linguaxe e comunicación: _____

Habilidades sociais: _____

Autonomía persoal: _____

Conduta adaptativa: _____

Observacións de interese: _____

2.4.-Necesidades especiais que ten e apoios que precisa:

2.4.1.- Se necesita atención médica ou física, a que corresponda: _____

2.4.2.- Segundo o seu grao de autonomía persoal, indicar o apoio que necesita nos seguintes puntos:

- Vestido: _____

- Alimentación: _____

- Aseo: _____

- Desprazamentos: _____

- Control de esfínteres: _____

_____, de _____ de 200__

(Equipo de orientación específico ou Departamento de Orientación do centro)

CERTIFICACIÓN

D/Dna. _____ como director/a do centro _____, certifica que o/a alumno/a _____ está matriculado/a durante o curso 2005/2006 no mencionado centro e que posúe suficiente grao de autonomía, para participar nos programas de integración, reunindo os requisitos exixidos no punto 2.b) da orde pola que se regula a participación no programa de integración Aulas da Natureza.

Asdo:

Orde do 7 de febreiro de 2006 pola que se convocan licenzas por estudos para o curso 2006-2007 destinadas a funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.

O artigo 55 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade e mellora do ensino, citando entre estes factores a cualificación e a formación do profesorado.

Pola súa vez, a citada lei, no seu artigo 56, determina que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros. Indica que, periodicamente, o profesorado deberá realizar actividades de actualización científica, didáctica e profesional nos centros docentes, en institucións formativas específicas, nas universidades e, no caso do profesorado de formación profesional, tamén nas empresas.

A mesma lei mencionada, na disposición adicional terceira, indica que as administracións educativas, co fin de asegurar a necesaria calidade do ensino, proverán os recursos necesarios para a inclusión de licenzas por estudos ou outras actividades nos plans institucionais de formación permanente do profesorado, para asegurarlles a todos os profesores ao longo da súa vida profesional a posibilidade de acceder a períodos formativos fóra do centro escolar.

No momento actual cobra unha especial importancia a formación do profesorado a través de períodos longos nos cales se refórce, complete ou actualice a súa formación inicial. Nalgúns colectivos a formación programada a través de actividades curtas e puntuais non parece suficiente, polo que se considera conveniente ofertar esta modalidade formativa de máis longa duración para favorecer que os profesionais amplíen a formación na súa especialidade, realicen proxectos de investigación e mesmo acaden unha nova titulación, especialmente naqueles casos nos que é exixida pola normativa vixente.

Por todo o exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Convocatoria

Artigo 1º

Convócanse licenzas por estudos retribuídas para o curso 2006-2007, dirixidas a funcionarios docentes de carreira que pertencen aos corpos detallados no artigo terceiro, destinados actualmente e durante o próximo curso 2006-2007 en centros docentes, en equipos de orientación específicos, en centros de formación e recursos, nos servizos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nos servizos provinciais de Inspección Educativa, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as condicións e a distribución por corpos e modalidades que se establecen e relacionan no anexo I desta orde.

Artigo 2º

Convócanse, así mesmo, licenzas sen retribución para os devanditos funcionarios, que poderán ser concedidas por períodos de seis ou de doce meses ininterrompidos cada tres anos, sempre que non o impidan as necesidades do servizo. Así, outorgárenselles todas as licenzas sen retribución económica aos aspirantes que cumpran os requisitos xerais establecidos nesta convocatoria agás os sinalados nos puntos cinco e sete do artigo catro.

Candidatos

Artigo 3º

Os corpos aos que se refiren os artigos precedentes son os que se detallan a continuación:

- a) Mestres.
- b) Profesores de ensino secundario.
- c) Catedráticos de ensino secundario.
- d) Profesores técnicos de formación profesional.
- e) Mestres de taller de artes plásticas e deseño.
- f) Profesores de artes plásticas e deseño.
- g) Catedráticos de artes plásticas e deseño.
- h) Catedráticos de música e artes escénicas.
- i) Profesores de música e artes escénicas.
- k) Profesores de escolas oficiais de idiomas.
- l) Catedráticos de escolas oficiais de idiomas.
- ll) Corpos e escalas docentes declaradas a extinguir.
- m) Inspectores de Educación e inspectores ao servizo da Administración educativa.

Condicións

Artigo 4º

Os candidatos ás licenzas deberán reunir os seguintes requisitos agás as excepcións do artigo 2º:

1. Estaren en situación de servizo activo e prestando servizos ininterrompidos durante os cursos 2004-2005 e 2005-2006, e no 2006-2007 seguiren tendo destino en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nos servizos provinciais de Inspección Educativa.

2. Agás nas licenzas non retribuídas, ter, como mínimo, tres anos de antigüidade como funcionario de carreira nos corpos e escalas que se detallan no artigo 3º desta orde. Para estes efectos computaranse os servizos ata o 31 de agosto de 2006.

3. Non estar destinado en comisión de servizos durante o curso académico para o que se solicita a licenza. Para tales efectos será de aplicación o disposto no artigo 14º.4 desta convocatoria.

4. Non estar destinado en adscrición temporal no exterior durante o curso 2005-2006 nin durante o período para o que se solicita a licenza. Para tales efectos será de aplicación o disposto no artigo 14º.4 desta convocatoria.

5. Obter como mínimo catro puntos no epígrafe 1.2 do baremo que figura no anexo III a esta convocatoria.